Colegio Oficial Graduados Sociales A Coruña y Ourense

LA INTELIGENCIA ARTIFICIAL IMPONE NUEVOS RETOS AL MUNDO LABORAL PERO NO DEBEMOS PERITIR QUE BORRE LOS DERECHOS LABORALES, ASEGURÓ LA MAGISTRADA DEL CONSTITUCIONAL MARÍA LUÍSA SEGOVIANO

Organizada por el Colegio Oficial de Graduados Sociales de A Coruña y Ourense, con el apoyo de la Fundación Justicia Social y el Consejo General de Graduados Sociales de España contó también con la participación del catedrático de Derecho del Trabajo de la UOC, Ignasi Beltrán, ponente que ahondó en los nuevos límites de la cesión ilegal en las contratas y condiciones de trabajo a la luz del asunto Omnitel.

La II Jornada Laboralista se celebró esta tarde en el Pazo de Mariñán y a ella asistieron más de un centenar de profesionales del sector.

A Coruña, 5 de junio de 2025.- Un encuentro de máximo interés para los profesionales que trabajan en el marco del Derecho Laboral y Social el celebrado esta tarde en el Pazo de Mariñán, de la mano de la Fundación Justicia Social y el Consejo General de Graduados Sociales de España y ejerciendo de anfitrión organizador el Colegio Oficial de Graduados Sociales de A Coruña y Ourense. La **II Jornada Laboralista**, que concitó el interés de más de un centenar de profesionales del sector, contó con dos ponentes referentes en sus especialidades respectivas: Ignasi Beltrán de Heredia, catedrático de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social, y director de los Estudios de Derecho y Ciencia Política de la Universitat Oberta de Catalunya, y la magistrada del Tribunal Constitucional, María Luisa Segoviano.

En su intervención, la actualmente magistrada en el Tribunal Constitucional analizó el salto que supone la irrupción de la IA en la forma de producción de las empresas y en el ámbito laboral, por los nuevos instrumentos de los que se dispone que inciden directamente en las personas trabajadoras. El algoritmo tiene ya un peso y un papel en la toma de decisiones en el marco de los sistemas de selección-contratación, formación, promoción profesional, condiciones de trabajo, prevención de riesgos laborales, extinción de la relación laboral… La jurista, experta en Derecho Laboral, habló de las responsabilidades del empresario y concretó algunos aspectos sobre los que habrá de estar vigilantes para proteger al trabajador: el control de estos, el derecho a la protección de datos, al respeto a su intimidad, el derecho a la no discriminación o el derecho de información de los representantes de los trabajadores. “A los juristas lo que nos preocupa de la irrupción de la IA en el ámbito laboral es la inseguridad que genera; ya estamos en el momento en que muchos trabajadores pueden decir: mi jefe es un algoritmo”; la idea de empresa física, material se está volatilizando y hay que defender y vigilar que no se vulneren los derechos de los trabajadores”. “El elemento humano no se puede borrar; aunque se tomen decisiones automatizadas, dirigidas por un algoritmo tiene que haber siempre un ser humano detrás”.

En sus 200 años de historia de la institución, Segoviano ha sido la primera mujer en alcanzar la presidencia de una de las salas jurisdiccionales del Supremo, concretamente la Sala Cuarta, y es autora de sentencias pioneras y claves en la implantación real de la igualdad entre hombres y mujeres. Por citar solo una, aquella en la que equiparó a efectos de jubilación el Servicio Social, aquella llamada “mili” femenina -obligatoria en la

época franquista- con el Servicio Militar. Con esta sentencia, las mujeres pudieron jubilarse incluyendo ese año como año cotizado, como los hombres con el periodo de mili cumplida.

Una sentencia de la UE que cambia el criterio interpretativo

Por su parte, el catedrático Ignasi Beltrán analizó los cambios que llegaron con la reforma laboral del 2021 en cuanto a la mejora de las condiciones de las personas trabajadoras que prestan servicios a través de contratas. De partida, "y siempre que se den determinadas condiciones, este personal externalizado está sometido a las condiciones de trabajo del convenio colectivo de la actividad desarrollada en la empresa principal". Pero, tal y como explicó, la reciente sentencia del Tribunal de Justicia de la UE en el asunto Omnitel, fechada el 24 de octubre 2024 podría alterar sustancialmente este régimen jurídico. "En síntesis, y en virtud de esta importante resolución, las empresas contratistas deben ser calificadas directamente como Empresas de Trabajo Temporal (ETT) si (como sucede en numerosas ocasiones en la práctica) ejercen el poder de dirección y control sobre la actividad de los trabajadores de las empresas contratistas".

El ponente destacó la trascendencia potencial de este criterio interpretativo "pues, al producirse una 'puesta a disposición', en primer lugar, a este personal externalizado se le aplicarían las condiciones de trabajo aplicables a los trabajadores de la empresa principal (y no las de la actividad desarrollada en la misma); y, en segundo lugar, estas empresas contratistas podrían incurrir en una cesión ilegal porque estarían operando como ETT sin la debida autorización administrativa".

Colegio Oficial Graduados Sociales A Coruña y Ourense

A INTELIXENCIA ARTIFICIAL IMPÓN NOVOS RETOS AO MUNDO LABORAL PERO NON DEBEMOS PERMITIR QUE DILÚA OS DEREITOS LABORAIS, ASEGUROU A MAXISTRADA DO CONSTITUCIONAL MARÍA LUÍSA SEGOVIANO

Organizada polo Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, co apoio da Fundación Xustiza Social e o Consello Xeral de Graduados Sociais de España contou tamén coa participación do catedrático de Dereito do Traballo da UOC, Ignasi Beltrán, relator que profundou nos novos límites da cesión ilegal nas contratas e condicións de traballo á luz do asunto Omnitel.

A II Xornada Laboralista celebrouse esta tarde no Pazo de Mariñán e a ela asistiron máis dun centenar de profesionais do sector.

A Coruña, 5 de xuño de 2025.- Un encontro de máximo interese para os profesionais que traballan no marco do Dereito Laboral e Social o celebrado esta tarde no Pazo de Mariñán, exercendo de anfitrión organizador o Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense co apoio da Fundación Xustiza Social e o Consello Xeral de Graduados Sociais de España. A II Xornada Laboralista, que concitou o interese de máis dun centenar de profesionais do sector, contou con dous relatores referentes nas súas especialidades respectivas: Ignasi Beltrán de Heredia, catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, e director dos Estudos de Dereito e Ciencia Política da Universitat Oberta de Catalunya, e a maxistrada do Tribunal Constitucional, María Luisa Segoviano.

Na súa intervención, a hoxe maxistrada no Tribunal Constitucional analizou o salto que supón a irrupción da IA na forma de produción das empresas e no ámbito laboral, polos novos instrumentos dos que se dispón que inciden directamente nas persoas traballadoras. O algoritmo ten xa un peso e un papel na toma de decisións no marco dos sistemas de selección-contratación, formación, promoción profesional, condicións de traballo, prevención de riscos laborais, extinción da relación laboral… A xurista, experta en Dereito Laboral, falou das responsabilidades do empresario e concretou algúns aspectos sobre os que haberá de estar vixiantes para protexer ao traballador: o control destes, o dereito á protección de datos, o respecto á súa intimidade, o dereito á non discriminación ou o dereito de información dos representantes dos traballadores. . “Aos xuristas o que nos preocupa da irrupción da IA no ámbito laboral é a inseguridade que xera; xa estamos no momento en que moitos traballadores poden dicir: o meu xefe é un algoritmo”; a idea de empresa física, material está a volatilizarse e hai que defender e vixiar que non se vulneren os dereitos dos traballadores”. “O elemento humano non se pode borrar; aínda que se tomen decisións automatizadas, dirixidas por un algoritmo ten que haber sempre un ser humano detrás”.

Nos seus 200 anos de historia da institución, Segoviano foi a primeira muller en alcanzar a presidencia dunha das salas xurisdicionais do Supremo, concretamente a Sala Cuarta, e é autora de sentenzas pioneiras e claves na implantación real da igualdade entre homes e mulleres. Por citar só unha, aquela na que equiparou a efectos de xubilación o Servizo Social, aquel chamada “mili” feminina -obrigatoria na época franquista- co Servizo Militar. Con esta sentenza, as mulleres puideron xubilarse incluíndo ese ano como ano cotizado, como os homes facían co período de mili cumprida.

COMUNICACIÓN/ Sofía Reyes/ **626 00 13 31**/ comunicacion@graduadossociales.org

Unha sentenza da UE que cambia o criterio interpretativo

Pola súa banda, o catedrático Ignasi Beltrán analizou os cambios que chegaron coa reforma laboral do 2021 en canto á mellora das condicións das persoas traballadoras que prestan servizos a través de contratas. De partida, "e sempre que se dean determinadas condicións, este persoal externalizado está sometido ás condicións de traballo do convenio colectivo da actividade desenvolvida na empresa principal". Mais, tal e como explicou, a recente sentenza do Tribunal de Xustiza da UE no asunto Omnitel, datada o 24 de outubro 2024, podería alterar substancialmente este réxime xurídico. "En síntese, e en virtude desta importante resolución, as empresas contratistas deben ser cualificadas directamente como Empresas de Traballo Temporal (ETT) se coma sucede en numerosas ocasións na práctica exercen o poder de dirección e control sobre a actividade dos traballadores das empresas contratistas".

O relator destacou a transcendencia potencial deste criterio interpretativo "pois, ao producirse unha 'posta ao dispor', en primeiro lugar, a este persoal externalizado aplicaríanselle as condicións de traballo aplicables aos traballadores da empresa principal (e non as da actividade desenvolvida na mesma); e, en segundo lugar, estas empresas contratistas poderían incorrer nunha cesión ilegal porque estarían a operar como ETT sen a debida autorización administrativa".